



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C. P. I. do Feal
R/ Río Seco s/n - O Feal, 15572 Narón (A Coruña) /
C. I. F.: Q-6555032-I
Teléfono: [881 938 177](tel:881938177) / Fax: [881 938 185](tel:881938185)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DO FEAL.
CURSO: 1º ESO
MATERIA: OBRADOIRO MUSICAL
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3 Utilizar os diferentes sons producidos mediante percusión corporal e coa voz, para a creación, a improvisación e a interpretación de pequenas pezas rítmicas.	OMB1.3.1 Utiliza os elementos producidos para interpretar pezas instrumentais e vocais de carácter rítmico.
B1.4 Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. A partir das indicacións do docente, coa voz, percusión corporal, pequena percusión.	OMB1.4.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns
B1.5 Integrar os movementos dunha coreografía de forma sincronizada co pulso.	OMB1.5.2 Segue o pulso ao moverse en coreografías.
B1.6 Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada e con precisión rítmica e melódica.	OMB1.6.1 Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos. OMB1.6.2 Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos. OMB1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica nas interpretacións.
B1.10 Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.	OMB1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.
B3.1 Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.	OMB3.1.1 Relaciona con coherencia diferentes disciplinas artísticas
B3.3 Contextualizar as obras interpretadas, amosando interese por diversificar o seu repertorio.	OMB3.3.3 Interésase por ampliar e diversificar as preferencias
B4.1 Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles, amosando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar e reproducir.	OMB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballos propostos a través da aula virtual. - Grabacións do alumnado das prácticas instrumentais. - Participación nos foros propostos.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rexistro e avaliación das propostas de traballo feitas na aula virtual do centro, anotación na tablet da profesora.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O departamento de música entende que é unha situación moi complexa e que a materia vese moi perxudicada na ensinanza virtual. Neste novo contexto educativo é moi importante o perfil motivacional do alumnado polo que o departamento valorará moi positivamente o traballo que se fai dende casa. Así pois, tratarase sempre de beneficiar ao alumnado. Dado que a materia ten o carácter contínuo partirase da nota da segunda avaliación. O traballo do terceiro trimestre servirá para subir (ou manter) a nota de dita avaliación. Poderase subir ata dous puntos da nota da segunda avaliación se o alumnado entrega tódalas tarefas propostas (incluídas as de participación nos foros). As tarefas deberán estar ben realizadas e completas. Deste xeito: <ul style="list-style-type: none"> - 1'5 puntos: entrega tódalas tarefas ben feitas - 1 puntos: entrega tres cuartas partes das tarefas ben feitas - 0'75 punto: entrega a metade das tarefas ben feitas - 0'5 puntos: entrega unha cuarta parte das tarefas ben feita - 0'25 puntos: entrega unha ou dúas tarefas ben feitas. - Proporase unha tarefa final na que o alumnado deberá enviar un vídeo onde interprete unha peza musical (pode ser un baile, percusión corporal ou pequena percusión, interpretación dun instrumento, canto etc). Dita interpretación musical poderá ser inventada ou poderase escoller entre calquera das prácticas musicais que se fixeron ao longo do curso. Esta última actividade valorarase especialmente e suporá o 0'5 que falta para chegar aos dous puntos.
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> - A proba extraordinaria de setembro consistirá na práctica musical dunha peza para frauta e outra de percusión corporal (ou pequena percusión) das que se propuxeron durante o curso. O alumnado poderá escoller entre tres propostas que lle fará a profesora de cada.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>B1.4 Interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p>B1.6 Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada e con precisión rítmica e melódica.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Só hai un alumno coa materia pendente. A profesora porase en contacto

	<p>con el para informarle persoalmente da recuperación da materia pendente. Dado o carácter contínuo da asignatura, valorarase o traballo do segundo curso para aprobar o primeiro. Así pois, facilitaránse unha serie de actividades para que supere a materia de primeiro de ESO. Ditas actividades serán en función da conectividade e acceso que teña o alumno á aula virtual do Centro. Se o alumno dispón de conectividade e acceso á aula virtual deberá entregar grabacións das actividades de práctica musical que se propoñan no 2º curso no que está actualmente. Se non dispón de conectividade se lle fará entrega dun cuadernillo cos elementos básicos da escritura e linguaxe musical que deberá entregar con data límite 15 de maio de 2020.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aula virtual do Centro e vídeos de internet (no caso de que o alumno dispoña de conectividade e acceso á dita aula) - Cadernillo de traballo (no caso de que o alumno non dispoña de dita conectividade)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Práctica instrumental de frauta (posicións básicas e notas sen alterar)- Práctica instrumental con percusión corporal ou pequena percusión (figuras rítmicas sinxelas: negra, corcheas, branca, silencio de negra, tresillo) en compases binarios ou cuaternarios- Interpretación de coreografías sinxelas- Actividades de creatividade musical e relación con outras artes- <i>(As actividades considéranse repaso xa que aínda que as cancións serán propostas novas, os aspectos musicais serán os traballados durante o curso)</i>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">- Manterase a metodoloxía baseada na práctica musical activa. Traballarase con vídeos de youtube onde se propondrán as cancións para traballar os aspectos arriba indicados.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Aula virtual do Centro.- Wifi privada da profesora.- Ordenador persoal da profesora.- Tablet do departamento de música.- Webs musicais (pequeno Mozart e outras)- Vídeos online (youtube)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Empregaranse as plataformas da Consellería: abalar, aula virtual, correo edu, webex e, excepcionalmente o teléfono.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.